



B A N D O

Como consecuencia da convocatoria de eleccións ás Cortes Xerais 2019 mediante Real decreto 551/2019, de 24 de setembro, e de conformidade co establecido no artigo 39 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, ponse en coñecemento do público en xeral que **o prazo de exposición pública do Censo Electoral será do día 30 setembro ao 7 de outubro, ambos incluídos.**

O servizo de consulta realizarase por medios informáticos, de maneira individual para cada persoa que solicite a consulta, logo da súa identificación, e levarase a cabo nas oficinas seguintes:

- Rexistro municipal da Casa do Concello, situada na planta baixa (rúa Adro nº 1, Cambre) no horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.
- Rexistro auxiliar Servizos Múltiples O Temple (rúa Tapia, nº 3, O Temple) no horario de 8:30 a 11:00 horas de luns a venres.
- Rexistro auxiliar do Centro Socio Cultural da Barcala (rúa Río Barcés, nº 6, A Barcala, Cambre), no horario de 12:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Durante o período electoral, vai estar dispoñible en internet un servizo de consulta para que os electores poidan comprobar os datos da súa inscrición no censo electoral con certificado electrónico dos publicados na sede electrónica do INE, na dirección https://sede.ine.gob.es/consulta_electoral_elecciones

Durante o citado prazo, os españois residentes no concello, poden presentar a reclamación administrativa respecto da súa inclusión ou exclusión no censo, ben no propio concello, onde se lle facilitará o modelo correspondente, ou na Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, rúa Adelaida Muro nº 12, A Coruña.

A reclamación faráa o propio interesado, acreditándose co seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir, do que se unirá fotocopia á reclamación.

Para máis información existe un teléfono de consulta, que é o seguinte: **901.101.900**, co seguinte horario:

- de luns a venres 9:00 a 14:00.

Ínstase á consulta do censo, sobre todo a aquelas persoas que cumpriron recentemente os 18 anos, así como a aquelas persoas que cambiaron de domicilio nos últimos meses.

Faise constar que terán dereito de voto neste municipio as persoas empadroadas ata o día 27 de xuño de 2019, incluído. Aquelas persoas que se empadroaron con posterioridade á dita data, agás en supostos excepcionais, teñen dereito ao voto no concello de onde proceden.

Cambre, asinado electrónicamente
O alcalde

Oscar A. García Patiño